

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2009 18:15  
Nº Rexistro: 10495  
Data envío: 13/10/2009 18:15:04.962


## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez e Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á adopción de medidas para favorecer a implantación do galego na docencia universitaria de primeiro e segundo ciclo de Dereito, así como o seu uso na formación continuada non universitaria.

Unha das preocupacións incluídas no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza), referido ao ámbito da Xustiza e á práctica exclusión da lingua galega dese mundo, ten a ver coa escasísima implantación da lingua galega nas facultades de Dereito (Compostela, Ourense, A Coruña), existentes na nosa nación.

Na mesma liña, un demoledor estudo do Consello da Cultura Galega situaba o uso do galego por parte dos profesionais do Dereito no penúltimo lugar dos sectores de traballo, unicamente por enriba dos efectivos das forzas armadas españolas, onde como é coñecido, o galego esta prohibido.

Tamén no relatorio sobre a aplicación para a lingua galega da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias no ámbito da Xustiza, elaborado polo Observatorio de Dereitos Lingüísticos, conclúese que se vulnera sistematicamente o dereito das persoas a un procedemento xudicial en galego, ou que a escolla do galego nun proceso xudicial ou mesmo administrativo, vaille supor un duplo esforzo e, se cadra, unha dilación das causas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


Esa é a realidade, e non outra, da suposta “imposición do galego” no ámbito da xustiza, segundo reconece o propio Consello de Europa.

Unha das medidas contempladas no PXNLG para superar esta situación de discriminación e de vulneración dos dereitos lingüísticos máis elementais, pasa por favorecer, precisamente, a incorporación do galego nas facultades de Dereito.

Falta fai. Os datos son estarrecedores. O uso do galego nas aulas das facultades de Dereito aproxímase ao 5% (95% en español). Porén, o 80% do profesorado tense manifestado de xeito favorábel a mudar o idioma de docencia ao galego no caso de recibir material de apoio. E no caso do alumnado, é evidente o divorcio entre estudantes que teñen o galego como lingua habitual, e o uso en actividades como os exames, que baixan ao 1%. A consulta de bibliografía en galego, no caso da Facultade de Dereito de Compostela, é apenas do 6%... Aínda así, máis do 75% do estudantado da Facultade tense manifestado favorábel ao incremento de aulas en galego.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a, en cumprimento do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, adoptar as medidas precisas que favorezan a implantación do galego na docencia universitaria de primeiro e segundo ciclo de Dereito, así como o seu uso na formación continuada non universitaria, entre as que se incluírán as seguintes, desglosadas por ámbitos de actuación e obxectivos:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/10/2009 18:15  
**Nº Rexistro: 10495**  
Data envío: 13/10/2009 18:15:04.962

## 1) **No ámbito institucional e comunicacional:**

- a) Trasladar formalmente ás facultades de Dereito e ás universidades galegas, a necesidade de manter un auténtico compromiso verbo da incorporación da lingua galega ás facultades, nos seus usos institucionais, docentes e comunicativas, así como de coñecemento da lexislación e dereitos lingüísticos.
- b) Colaborar na organización e financiamento de campañas de difusión e promoción da lingua galega nas facultades de Dereito.
- c) Apoiar a instalación de ferramentas informáticas de apoio lingüístico e versións en galego de programas, incluíndo as correspondentes accións formativas para a plena utilización dos recursos informáticos en galego, e o desenvolvemento de webs das facultades (centro, departamentos, áreas, grupos de investigación, institutos, profesorado, etc.), así como todo o que ten a ver coas novas tecnoloxías e a innovación metodolóxica na docencia.
- d) Apoiar e cofinanciar a galeguización total e de calidade dos programas de materias.

## 2) **No ámbito da docencia:**

- a) Promover compromisos dos departamentos en relación a un aumento de uso do galego na docencia, establecido con carácter voluntario e en cada curso académico contratos-programa con departamentos e/ou áreas nos que se fixen acordos de importación de créditos en galego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela

Galiza

- b) Establecer e difundir a existencia de axudas e incentivos en planos de formación, programas de apoio e asesoramento lingüístico e terminolóxico, etc.
- c) Colaborar no recoñecemento ao profesorado que imparte ou decida impartir docencia en galego, aínda que non estea estipulado en ningún contrato-programa do seu departamento.
- d) Colaborar no establecemento dun plano de formación específico, a fin de favorecer a formación precisa para que o profesorado poida acadar unha óptima expresión oral e por escrito en galego.
- e) Promover a elaboración de unidades didácticas de calidade como instrumento docente, e facilitar a publicación de materiais de carácter docente por parte do profesorado.
- f) Facilitar a consecución de lexislación en galego actualizada, consolidada e accesíbel en liña, cd-rom e publicación convencional, e acelerar a aparición da versión en galego, cando menos ao mesmo tempo que a española, no Boletín Oficial do Estado.
- g) Fornecer terminoloxía xurídica en galego que cubra toda a docencia do grao.

### 3) No ámbito do alumnado:

- a) Colaborar no establecemento dun plano de formación que inclúa a mellora de coñecementos para a elaboración de traballos académicos e de investigación, e o reforzo da capacidade que mellore a expresión oral na vida persoal e profesional futura.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2009 18:15  
Nº Rexistro: 10495  
Data envío: 13/10/2009 18:15:04.962

b) Pór en marcha seminarios de formación en lexislación lingüística, sociolingüística galega, e dinamización.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG.  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 13/10/2009 18:13:22**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/10/2009 18:13:28**